



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

### ANUNCIO: MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO ESPAZO PARA TERRAZAS NO CASCO HISTÓRICO DO CONCELLO DE PADRÓN, CONCRETAMENTE DA PRAZA DE PEPE DOMINGO CASTAÑO E RÚA FERREIROS.

Por Resolución da Alcaldía número 227/2024, do 18 de marzo, aprobáronse os criterios para a delimitación do espazo para terrazas no casco histórico de Padrón, concretamente, da praza de Pepe Domingo Castaño e rúa Ferreiros.

Posteriormente, mediante resolución número 804/2023, de 10 de novembro, ampliáronse eses criterios ás prazas de Macías o Namorado, Manuel Rodríguez Cobián e Paseo do Espolón atendendo ás particularidades de cada espazo e coa finalidade de garantir unha ocupación equilibrada e respectuosa do dominio público.

Non en tanto, considerouse necesario introducir modificacións nos criterios aprobados para a praza de Pepe Domingo Castaño e a rúa Ferreiros. Esta revisión responde, no caso concreto da praza de Pepe Domingo Castaño, á dificultade detectada para o acceso de vehículos a un garaxe debido á presenza simultánea de dúas terrazas, o que compromete a funcionalidade do espazo público e a accesibilidade viaria. Ademais, unha das terrazas será recolocada na rúa Ferreiros, o que supón unha mellora significativa na xestión do espazo ocupado, facilitando o tránsito e unha distribución máis racional e ordenada da superficie dispoñible. Así mesmo, no conxunto destes ámbitos, búscase garantir unha ocupación máis equilibrada que respecte a mobilidade, a seguridade, a convivencia cidadá e a harmonía co entorno urbano.

Deste xeito, enténdese procedente modificar os criterios establecidos no anexo I da Resolución 227/2024, do 18 de marzo, substituíndoos polos novos criterios recollidos no plano actualizado asinado polo arquitecto municipal da oficina de rehabilitación con data de 4 de abril de 2025. Esta modificación foi aprobada por Resolución da Alcaldía 336/2025, do 25 de abril, a cal se fai pública:

« **Primeiro.** Modificar os criterios establecidos no anexo I da Resolución número 227/2024, do 18 de marzo, para a delimitación do espazo máximo a ocupar con terrazas no casco histórico de Padrón, exclusivamente no relativo á praza de Pepe Domingo Castaño e á rúa Ferreiros, conforme ao novo plano actualizado e adaptado, asinado polo arquitecto municipal da oficina de rehabilitación con data de 4 de abril de 2025, que pasa a formar parte do anexo I desta Resolución.

Os novos criterios supoñen unha mellora na regulación da ocupación do espazo público nestas zonas, tendo en conta as dimensións reais, as necesidades de tránsito, accesibilidade universal, distancias de paso e impacto estético.

**Segundo.** Facer pública a presente resolución no Taboleiro electrónico e no da Casa do Concello.

**Terceiro.** Dar traslado da presente resolución ao departamento da Policía Local para os efectos da emisión dos correspondentes informes para a concesión de licenzas.

**Cuarto.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente. »

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

**ANEXO I: MODIFICACIÓNS DOS CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO ESPAZO PARA TERRAZAS NO CASCO HISTÓRICO DO CONCELLO DE PADRÓN, CONCRETAMENTE DA PRAZA DE PEPE DOMINGO CASTAÑO, E RÚA FERREIROS.**

ESCALA: 1/150

